

PRESENTACIÓN

Como cada ano, chega o momento de render contas e ofrecer información detallada sobre as actividades desenvolvidas ao longo do exercicio. Tras 13 anos de traxectoria, Boa Vida continúa a súa labor con ilusión e compromiso.

Sendo conscientes de que cada ano novas persoas se achegan por primeira vez a esta memoria, consideramos necesario lembrar quen somos: un equipo de profesionais que, xunto coas persoas ás que acompañamos, traballa día a día para construír oportunidades de vida máis dignas.

A nosa acción baséase en tres piares fundamentais: a solidariedade coas persoas que máis sofren, a loita contra as causas que xeran pobreza e a defensa do dereito a vivir do traballo. En definitiva, falamos de persoas comprometidas coa mellora da súa propia vida, da sociedade e do entorno no que vivimos.

A través das nosas intervencións, buscamos diminuír as desigualdades, fortalecer as capacidades persoais e mellorar o acceso ás oportunidades, especialmente mediante a formación, o acompañamento social e o traballo en equipo, contribuíndo así á construción dunha sociedade máis xusta e inclusiva.

O ano 2025 caracterizouse por ser un período de transición, marcado pola finalización do anterior plan de inclusión e o inicio do novo marco estratéxico 2025-2027. Neste contexto, puxéronse en marcha novos proxectos orientados a diminuír o impacto da crise residencial, ao tempo que se consolidou a nova xerencia das tendas. Estes avances permiten afirmar que a organización acada un nivel sólido de consolidación, afrontando con garantías os retos futuros recollidos no plan de traballo 2026.

Cabe destacar, ademais, a obtención da **Declaración de Utilidade Pública con data 19 de decembro de 2025**. É un recoñecemento á labor desenvolvida e ao impacto social xerado pola entidade, do que se espera obter ingresos e novas adhesións durante o vindeiro ano.

Nesta memoria recóllense as liñas xerais do traballo realizado a través dos distintos proxectos, desenvolvidos co apoio de entidades cofinanciadoras. Cada un destes programas conta coa súa propia memoria técnica, xa presentada ás administracións correspondentes e dispoñible para aquelas persoas que desexen consultala.

Así mesmo, nos anexos inclúense materiais gráficos, cartelería e un resumo das aparicións en medios de comunicación, que complementan e ilustran o conxunto das actuacións levadas a cabo.

PROGRAMAS

Os dous programas marco que engloban o plan de traballo seguen sendo a Oficina de Dereitos e Deberes Sociais e Vivir do Traballo Tendas Solidarias.

A Oficina de Dereitos e Deberes Sociais ten como obxectivo a integración e a mellora das condicións de vida de persoas en risco de exclusión social, a través de información, acollida, acompañamento e formación, así como a sensibilización á poboación xeral sobre as causas que producen pobreza.

Vivir do Traballo Tendas Solidarias ten como obxectivo promover a formación e reinserción social e laboral de persoas en situación de exclusión a través de actividades vinculadas á reutilización, recuperación, reciclaxe, comercialización, almacenaxe e reparación dos produtos obtidos. Ademais, impulsamos prácticas de sustentabilidade ambiental e economía circular, contribuíndo á economía e ao desenvolvemento persoal e profesional das persoas participantes.

Oficina de Dereitos e Deberes Sociais

A labor da Oficina de Dereitos e Deberes Sociais englobase en tres grandes áreas: acollida, acompañamento e sensibilización sobre as causas que producen pobreza.

1. Oficina de Dereitos e Deberes Sociais

1.1. Acollida

A acollida faise inspirada no lema de Traperos de Emaús "o pasado é un asunto persoal": non indagamos nel, acompañamos trazando un camiño que poida axudar ás persoas a crear un futuro prometedor, acordado dende a liberdade individual e o compromiso de autocoidado.

Realizáronse periodicamente sesións de grupo nas que se deu a benvida e se presentaron os servizos e actividades que ofrece a asociación, así como información sobre temas de interese como axudas sociais, estranxeiría ou formación, e resolvéronse as dúbidas xurdidas.

A acollida realizouse tamén de forma individual cando a persoa o precisou ou non puido asistir ás sesións de grupo. Esta acción intégrase no programa IN-formate.

No ano 2025 prestouse primeira atención a 286 persoas, das cales 91 foron atendidas en entrevista individual e 195 en sesións de grupo en total 3

1.2. Acompañamento

Co acompañamento facilítase apoio de forma individualizada e en grupo. Impleméntanse técnicas que permiten á persoa sacar o máximo partido ás súas potencialidades e adquirir novas competencias que melloran as súas oportunidades sociais e laborais e de integración na sociedade.

No ano 2025 prestouse atención a 332 persoas, das cales 46 continuaron do ano anterior.

Desenvolvese a través de 4 grandes áreas:

1. Emprego e inclusión laboral

Atención ao desemprego, orientación laboral, inserción, acompañamento ao emprego, prospección empresarial. As ferramentas que se usan para facilitar o acceso ao mundo laboral son itinerarios, formacións e prospección laboral.

Itinerarios laborais

Os itinerarios son a ferramenta que leva á persoa atendida a trazar obxectivos e tarefas para conseguilos.

Os itinerarios de emprego enfócanse en persoas con capacidade para traballar a curto ou medio prazo, a través de formacións específicas, mellora de habilidades persoais e acompañamento individualizado.

Durante o 2025 realizáronse un total de 219.

Formacións

A formación converteuse nun instrumento esencial na loita contra a pobreza, xa que permite adquirir coñecementos útiles e habilidades prácticas, ao tempo que favorece as relacións sociais, a inclusión e o sentimento de pertenza. Ao fortalecer tanto as capacidades profesionais como o equilibrio emocional, estas accións amplían as oportunidades de emprego e contribúen a romper dinámicas de exclusión, mellorando así a calidade de vida das persoas participantes.

Ademais de promover o benestar, estas iniciativas teñen como obxectivo facilitar a integración social e laboral de persoas en situación de vulnerabilidade. Mediante procesos formativos e actividades de carácter comunitario, foméntase a inclusión, a autonomía persoal e a creación de novas posibilidades de desenvolvemento tanto no ámbito individual como profesional.

Para incentivar a participación, facilitáanse bolsas de formación de 5 euros por día, un apoio que o 81 % das persoas participantes valora como "moi importante" nas enquisas de avaliación.

Durante o programa ofrecéronse diversas formacións orientadas ao emprego, cubrindo áreas como dixitalización, competencias clave, busca activa de emprego, reciclaxe téxtil, vendas, habilidades sociais e obradoiros prácticos relacionados coa agricultura e técnicas específicas. As actividades sumaron un total aproximado de 619 horas formativas. Segundo os datos de participación, o número total de persoas anotadas en cada actividade suma 172, pero tendo en conta que moitas persoas participaron en varias accións formativas, a estimación razoable de persoas únicas beneficiarias sitúase entre 90 e 110. Esta proxección reflicte a participación activa e diversificada no programa, favorecendo a adquisición de competencias útiles para a inserción laboral.

A continuación detállanse formacións con especial relevancia na mellora da busca de emprego:

Dixitalízate

Esta acción formativa tivo como finalidade non só achegar coñecementos técnicos, senón tamén reducir as barreiras dixitais asociadas á idade e á inmigración, que seguen a xerar importantes situacións de exclusión no acceso ás tecnoloxías.

A proposta estivo dirixida a calquera persoa, independentemente da súa experiencia previa ou do seu interese inicial no ámbito dixital, co propósito de reforzar a inclusión tanto na esfera laboral como na vida diaria. Buscouse mellorar a autonomía e a confianza á hora de interactuar coa administración, facilitando tarefas como solicitar citas, realizar trámites ou procurar emprego. Deste xeito, fortalécense as competencias dixitais básicas e promóvese unha integración plena na sociedade dixital actual.

Dixitalízate tivo unha duración de 62 horas e participaron 20 persoas.

Competencias Clave

Preparamos o alumnado para presentarse ás probas da Xunta de Galicia que dan acceso aos cursos oficiais de Competencias Clave. Estas competencias recollen os coñecementos e habilidades básicas necesarias para seguir con éxito os módulos dos certificados de profesionalidade, contribuíndo á mellora da calidade formativa e á integración na formación profesional destinada ao emprego. Os contidos abranguen: competencia matemática, comunicación en lingua galega, comunicación en lingua castelá e comunicación en lingua estranxeira (inglés).

Ademais de garantir a preparación teórica, o programa ocúpase da organización dos desprazamentos e da loxística precisa para acudir aos exames en Silleda. Tamén se traballa de maneira específica o reforzo da confianza e da autoestima das persoas participantes, animándoas a continuar a súa traxectoria formativa e a afrontar con seguridade as dificultades derivadas de carecer de estudos previos. Este ano, unha persoa presentouse en outubro en Santiago á proba extraordinaria para adquisición das competencias clave, aprobando a materia que tiña suspenso.

Iniciativas deste tipo son claves para reducir obstáculos educativos e laborais, favorecer a igualdade de oportunidades e avanzar cara a unha inclusión social real e efectiva.

Edición de Competencias Clave

Total de persoas inscritas: 8

Presentáronse ao exame oficial: 5

Resultados obtidos:

2 persoas: todas as competencias clave (4/4)

2 persoas: tres das catro competencias (3/4)

1 persoa: dúas das catro competencias (2/4)

Obradoiros de reciclaxe e competencias para a vida

Co propósito de reforzar as competencias para a vida cotiá e o ámbito da reciclaxe téxtil, desenvolvéronse sesións teóricas centradas na identificación de materiais, nas técnicas de recuperación e na relevancia da reutilización, así como sesións prácticas nas que aprender a elaborar pezas como as que aparecen na memoria gráfica. A metodoloxía baseada no aprender facendo foi fundamental, xa que favoreceu tanto a comprensión conceptual como a posta en práctica dos contidos.

A través de simulacións de situacións reais do sector da reciclaxe téxtil, o alumnado puido achegarse ás condicións laborais propias deste ámbito. O enfoque participativo e colaborativo xerou un espazo de aprendizaxe dinámico, que facilitou o intercambio de experiencias e o fortalecemento das habilidades sociais e interpersoais.

32 persoas realizaron 16 horas de actividades teóricas e prácticas de reciclaxe téxtil, dende a clasificación de tecidos ata o manexo de maquinaria especializada, empregando a creatividade e a innovación na elaboración de produtos reciclados.

Formación para busca activa de emprego

A formación céntrase en dúas áreas:

– Autocoidado

Esta área formativa ten como finalidade potenciar habilidades básicas que favorezan unha vida plena e satisfactoria. Os seus contidos inclúen a xestión das emocións, a resolución de conflitos, o desenvolvemento do pensamento crítico e o propio autocoidado.

– Ferramentas para a busca de emprego

Neste ámbito trabállanse competencias vinculadas á inserción laboral, como a elaboración do currículo, a preparación para entrevistas, o fortalecemento de habilidades profesionais e o uso de técnicas eficaces para localizar novas oportunidades de emprego.

A combinación destas propostas, tanto transversais como especializadas, impulsa o crecemento persoal e facilita unha incorporación exitosa ao mercado laboral, contribuíndo á diminución das situacións de exclusión.

Realizáronse 50 horas de formación e obtivéronse resultados moi positivos, xa que das 40 persoas participantes, o 91 % lograron un emprego ao longo do período.

Prospección laboral

Nesta liña de traballo identificáronse os sectores económicos que ofrecían postos adaptados aos perfís profesionais das persoas participantes. A colaboración constante coa contorna empresarial e coa comunidade local permitiu recibir directamente 56 ofertas de emprego, todas elas cubertas con éxito. Este resultado evidencia a confianza que empresas e particulares depositan na asociación como intermediaria eficaz, capaz de conectar necesidades laborais con candidatos axeitados.

Foron recompiladas e difundidas 710 ofertas de emprego, das cales 437 se enviaron de forma individualizada e adaptada aos perfís e necesidades das persoas participantes na busca de emprego.

Este labor traducíuse nunha taxa de inserción laboral do 71 % (cun 34 % correspondente a emprego formal), un resultado que pon de manifesto a eficacia dun acompañamento personalizado, tanto nos itinerarios de intervención como na prospección laboral. A cifra reflicte igualmente o compromiso do equipo técnico e o esforzo das propias persoas participantes.

No conxunto destas accións está incluída a prospección que se realiza especializada en facilitar o emprego á aquelas persoas que saen da empresa de inserción ao mercado laboral convencional.

2. Benestar persoal e Inclusión social

Na asociación, a inclusión social e o benestar persoal promóvense mediante actividades que fomentan a integración, o desenvolvemento de competencias persoais e a calidade de vida das persoas participantes, vehiculadas polas ferramentas de itinerario persoal e a atención a colectivos específicos como as persoas inmigrantes e maiores.

Das actividades xenéricas nas que poden participar todas elas, destacamos: ioga, programas de formación para a convivencia, coro intercultural, formación en saúde, xestión do expediente vital, obradoiros interculturais (como o coro e a festa de fin de ano), formación en asociacionismo e inmigración, obradoiros para a vida compartida e en fogares creativos, obradoiro de horta comunitaria e cursos de idiomas galego e castelán para persoas inmigrantes.

Esta área de actuación busca fortalecer a autonomía, o benestar emocional e a participación das persoas, fomentando unha vida plena e integrada na comunidade, realízase a través de itinerarios, programas de vivenda e soidade non desexada.

Os **itinerarios** básicos están dirixidos a persoas que precisan apoio no seu día a día sen poder centrarse, de momento, nunha integración previa á laboral (saúde, educación, etc.). Aquí o obxectivo principal é proporcionar estabilidade e ferramentas para mellorar o seu benestar global participaron desta acción

Os programas de **vivenda**, promoveron sistemas de apoio mutuo, hábitos de vida saudables e acompañamento na xestión doméstica e acceso á vivenda. Paralelamente, identificáronse situacións de **soidade non desexada** e vivendas baleiras, facilitando a incorporación das persoas participantes a itinerarios personalizados de emprego e formación e á convivencia en vivendas compartidas.

O programa incluíu accións formativas, establecemento de pautas de convivencia e experiencias piloto de acceso á vivenda, así como iniciativas de transporte colectivo. Ademais, impulsáronse accións de difusión, participación e sistematización dos servizos para consolidar o modelo de intervención.

Con unha dúas experiencias de éxito, persoa de 85 convive con persoa de 68, e persoa de 50 convive con persoa de 30.

O programa de inclusión residencial ofrece unha dobre solución: por unha banda, atende ás persoas que viven en soidade, maiores ou non, e, por outra, dá resposta a persoas en situación de exclusión social con dificultades de acceso á vivenda. No 2025 iniciáronse proxectos piloto como Fogares Creativos e Vida Acompañada, deseñados para promover alternativas residenciais seguras, participativas e integradoras. Ao longo do ano, pechouse unha experiencia de éxito que inclúe dúas vivendas alugadas e máis de 25 persoas formadas na temática, reforzando a autonomía persoal, creando redes de apoio mutuo e sensibilizando sobre a soidade non desexada.

3- Sociedade intercultural

As persoas inmigrantes participan nas mesmas fases de **acollida, orientación e asesoramento** que o conxunto da poboación local, descritas noutros apartados. Porén, presentan características específicas que fan necesaria unha atención máis adaptada ás súas necesidades, entre as que se atopa a aprendizaxe das linguas oficiais (galego e castelán).

En primeiro lugar, a diversidade das situacións administrativas —desde persoas recentemente chegadas ata aquelas en condicións de solicitar a nacionalidade— require un acompañamento individualizado ao longo de todo o proceso de integración.

En segundo lugar, o descoñecemento inicial da **sociedade de acollida** fai preciso reforzar a formación en lingua galega e castelá, así como en aspectos culturais e sociais. Neste contexto, o ocio e o tempo libre configúranse como ferramentas clave para a integración, polo que se organizaron actividades como andainas, visitas guiadas pola cidade e polos centros educativos, así como a participación en iniciativas comunitarias (como o magosto intercultural, actividades deportivas ou encontros sociais). Ademais, no ámbito da sensibilización, a participación das persoas inmigrantes foi especialmente activa.

De forma complementaria, desenvolveuse un servizo de **mediación** intercultural orientado á resolución de dificultades no proceso de adaptación ao novo contexto. Realizáronse un total de 59 intervencións, centradas principalmente en cuestións de vivenda, seguidas de ámbitos como a saúde, a educación e o empadramento.

No ámbito do **asesoramento xurídico**, a análise das consultas realizadas amosa unha clara concentración nas temáticas vinculadas á regularización administrativa e ao acceso a dereitos básicos. Destaca especialmente o arraigo xeral (23,5 %), seguido da regularización extraordinaria (15 %), a homologación de estudos (14,5 %) e a nacionalidade (12,5 %), o que evidencia a necesidade prioritaria das persoas atendidas de estabilizar a súa situación legal e mellorar as súas oportunidades de

integración sociolaboral. Tamén teñen un peso relevante as consultas relacionadas co arraigo por formación (9,5 %) e os dereitos laborais (5 %), reforzando a importancia do acceso ao emprego como eixo central nos procesos de inclusión.

En menor medida, aparecen cuestións vinculadas á protección internacional, reagrupación familiar e outros dereitos específicos, así como trámites máis puntuais. En conxunto, obsérvase que as demandas están fortemente orientadas á regularización, á inserción laboral e ao exercicio de dereitos, reflectindo as principais barreiras ás que se enfrontan as persoas en situación de vulnerabilidade.

Temática	Porcentaxe (%)
Arraigo xeral	23.5%
Regularización extraordinaria	15,00%
Homologación	14.5%
Nacionalidade	12.5%
Arraigo por formación	9.5%
Dereito traballo	5,00%
Dereitos divorcios	4.5%
Protección Internacional	3,00%
Parellas de feito	2,00%

4. Habitat, territorio e vida comunitaria.

No ámbito rural, desenvólvese unha intervención centrada na dinamización comunitaria e na mellora da calidade de vida, en colaboración co tecido asociativo local. A través de accións de información, asesoramento e actividades formativas e culturais, achéganse recursos á cidadanía mediante puntos de información próximos, favorecendo o acceso e a participación.

O traballo estrutúrase arredor de dúas liñas principais: por unha banda, a horta comunitaria como espazo de aprendizaxe, produción sostible e encontro; e por outra, a atención ás persoas maiores, promovendo o envellecemento activo. En ambos os casos, foméntase non só a adquisición de competencias e o acceso a alimentos saudables, senón tamén o fortalecemento dos vínculos comunitarios, o sentimento de pertenza e a loita contra a soidade non desexada, con mais de 35 persoas participando e de 50 kg de produto recollido para o autoconsumo.

Neste sentido, persoas maiores de Cerponzóns, por segundo ano consecutivo, e de Santa María de Xeve, por primeira vez, participaron en sesións semanais de envellecemento activo entre febreiro e novembro. Estes espazos consolidanse como iniciativas de carácter interxeracional que favorecen a participación, o benestar e a integración social, recuperando a solidariedade veciñal e promovendo

experiencias de vida compartida no territorio, neste obradoiros participaron mais de 30 persoas cun alto grado de satisfacción.

2.2. Vivir do Traballo

Proceso produtivo. Economía circular desigual. Economía e ecoloxía.

Nas dúas tendas SOLIDARIAS e no centro de operacións realízase tanto o **proceso produtivo** como a **promoción da solidariedade, a reciclaxe e a inserción socio-laboral** das persoas en situación de exclusión.

2.2.1. Proceso produtivo

1. Recollida, selección e clasificación

- Recollidos **71.520 kg** de produtos téxtiles e non téxtiles.
- Produtos derivados para xestión profesional: **36%**.
- Produtos clasificados e seleccionados para reutilización: **64%**.

Destacan principalmente as recollidas realizadas en domicilios particulares, cumprindo unha **doble función**: por unha banda, unha función social orientada a aquelas persoas que non poden trasladar os produtos por si mesmas; e por outra, unha función medioambiental, evitando que moitos produtos finalicen no lixo cando aínda teñen unha segunda oportunidade. Ao longo de 2025 realizáronse un total de **300 recollidas a domicilio**.

Ampliouse o espazo de almacenamento cun novo centro de operacións, optimizando o espazo para **clasificación, xestión, selección e posta a punto** de todos os produtos que pasan ao ciclo de venda nas nosas tendas.

2. Traslados e baleirado de pisos e trasteiros

Ano tras ano, procuramos mellorar e profesionalizar o servizo de **baleirado de pisos e trasteiros**, así como traslados e limpeza dos mesmos. Esta acción implementouse tras detectar a necesidade de persoas de idade avanzada que non poden realizalo por si mesmas ou non contan con familia próxima. O noso equipo está **adiestrado e equipado** para realizar estas tarefas.

3. Atelier téxtil

O noso **atelier téxtil** é un espazo dedicado ao deseño, patronaxe e creación, onde as telas vaqueiras se transforman en novos produtos, entre eles:

- 30 bolsas
- 30 mochilas

- 20 mandís
- 10 sombreiros
- 10 coxíns
- 10 fundas para libros
- 200 adornos reciclados

4. Disposición para a venda e xestión de venda

Cada artigo que exhibimos e poñemos á venda pasa por un **minucioso proceso de revisión**: , revisión de cierres, botons, hidratación, embelecemento, etc., co obxectivo de que luzan como novos, mellorando a súa calidade e presentación ao público.

Ao longo de 2025, vendéronse os seguintes produtos:

- 29.522 téxtiles (roupa, mantas, toallas, sabas, etc.)
- 2.579 calzado (adultos/as e nenos/as)
- 10.002 complementos (bolsos, maletas, bisutería)
- 7.000 xoguetes
- 8.694 mobles, decoración e menaxe
- 663 pequenos equipos electrónicos
- 5.773 libros e material escolar

Total: 64.373 artigos

2.2.2. Proceso de preparación para o mercado laboral convencional

As persoas que participan nas tendas solidarias, realizan un proceso que se inicia como itinerario na oficina de Dereitos e Deberes Soais, no que realizan formación e prácticas antes de ser contratadas, unha vez aprobado o certificado de persoa en situación de exclusión emitido polos servizos sociais municipais, o proceso céntrase en facilitar a integración das persoas no mercado laboral convencional coas seguintes accións:

- **Orientación laboral e plans persoais:** realizáronse 121 entrevistas individualizadas para avaliar a empregabilidade, reforzar hábitos laborais e adaptar ás persoas ao entorno profesional. Abrangueron tarefas como recollida, clasificación, preparación de produtos e atención ao cliente.
- **Formación no posto de traballo:** máis de 550 horas de acompañamento directo, mellorando competencias, habilidades e integración profesional.
- **Hábitos laborais e sociais:** reforzáronse hábitos previos, superando dificultades sociais mediante apoio individualizado.
- **Talleres formativos:**

- Educación ambiental: concienciación sobre impacto da industria téxtil.
- Economía doméstica: planificación financeira e autonomía persoal.
- Normas de convivencia: cooperación, resolución de conflitos e mellora do clima laboral.
- Código ético: principios de comportamento profesional.
- Habilidades sociais e traballo en equipo: comunicación, cohesión grupal e enfoque ikigai.
- **Tutorización en formacións telemáticas:** sensibilización ambiental, lexislación laboral básica, atención ao cliente, xestión do tempo, creación de empresas de inserción e igualdade de oportunidades.
- **Acompañamento en formacións complementarias:**
 - Carné de conducir: unha persoa obtivo o carné, outra continúa en proceso.
 - Formación profesional: 5 persoas matriculadas (3 grao superior a distancia, 2 grao medio presencial).
 - Competencias clave: acceso a certificados de profesionalidade completado por unha persoa.

3. Cambio social: accións fronte a inxustiza

Información e sensibilización social

As accións de sensibilización están dirixidas á cidadanía en xeral, como axente xerador de opinión, prestando especial atención ás persoas en situación de vulnerabilidade e ás administracións públicas, pola súa capacidade de incidir en cambios orzamentarios e políticos que contribúan a reducir os efectos da pobreza e da exclusión social. Durante o presente ano continuouse co desenvolvemento de accións vinculadas a datas internacionais de especial relevancia.

- **Campañas:** desenvóléronse accións relacionadas co Día Internacional das Persoas Refuxiadas e co Día Internacional para a Erradicación da Pobreza.
- **Charlas:** exposicións, testemuños e debates en distintos espazos para concienciar sobre pobreza, exclusión e dereitos das persoas refuxiadas.
- **Accións en rúa:** difusión de información, enquisas a pé de rúa e exposición de fotografías sobre as persoas refuxiadas e situacións de vulnerabilidade.
- **Difusión en redes:** promoción de información, testemuños e accións de denuncia a través das plataformas dixitais da entidade.

Promoción da solidariedade e da reciclaxe e agricultura

- Facemos doazóns a persoas e organizacións que o necesitan, estimando unhas 420 doazóns de produtos téxtiles e non téxtiles.
- Desenvolvemos diversas actividades de sensibilización sobre reutilización, recuperación e reciclaxe, e cultivo de produtos para o autoconsumo, mostrando produtos customizados con telas vaqueiras, entre elas:
 - 5 charlas en centros educativos.
 - Participación na recollida e reutilización de chanclas no Triatlón Word Pontevedra 2025.
 - 2 "Feiras Vintage Boa Vida – Roupas ao peso" no Mercado de Abastos.
 - Participación no mercadillo "A pé de Rúa" promovido polo Concello.
 - Congreso de Desenvolvemento Persoal "Ponte a punto".
 - Feira de Sostibilidade Luis Seoane.
 - Participación en Río Valdecorbos.
 - Colaboración coa óptica MiraMaruxa: entrega de monturas gratuítas reutilizadas e desconto do 50% en cristais.
 - Campaña de Nadal "Agasalla sostible. Doa, Reutiliza e Comparte", centrada en darlle unha segunda vida aos xoguetes, recolleu aproximadamente 8.000 xoguetes, dos cales se recuperaron e puxeron a punto máis de 6.000, coa colaboración de 22 empresas e máis de 150 particulares.

- Optimizouse e dinamizouse a presenza nas redes sociais, aumentando a participación cidadá e o acceso aos produtos de reutilización.

Participación e implicación cidadá

Fomentouse a implicación directa da cidadanía mediante o voluntariado e actividades comunitarias, xerando espazos de encontro e convivencia:

- **Voluntariado:** participación activa das persoas voluntarias na horta, nas accións de rúa, no deseño de proxectos e apoio á comunicación e á formación.
- **Actividades comunitarias:** fútbol e merendas interculturais, participación no magosto asociativo, Apalpador etc.
- **Espazos de encontro:** co encontro de todo o colectivo tendas e Oficina Dereitos e Deberes Sociais, comida da XIII escola de verán, festa de fin de ano,

Visibilización de realidades e colectivos

Persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade foron protagonistas da acción de visibilización:

- **Testemuños:** recollida e difusión de experiencias directas de persoas afectadas por exclusión social. Ver dossier de prensa 10 testemuñas
- **Accións de visibilización:** actividades como exposicións, intervencións públicas e participación en datas internacionais. XIII Escola de Verán: contidos relacionados co benestar persoal, promovendo espazos de aprendizaxe e coidado.
- **Colaboración con medios de comunicación:** difusión de información para sensibilizar á opinión pública e reforzar a incidencia social. Ver dossier de prensa mais de 30 aparicións en prensa escrita e radio e tv.

Incidencia social e cambio de mirada

A entidade traballa para transformar a percepción social e influír en políticas e recursos:

- **Defensa de dereitos:** participación no programa substitutivo de penas privativas de liberdade por servizos á comunidade. Día Internacional das Persoas Refuxiadas: difusión en rúa, exposición de fotografías e actuación dun coro intercultural.
- **Xeración de discurso crítico:** reflexión e debate sobre as causas estruturais da pobreza, incluíndo o impacto das guerras, visibilizado na *III Escola de Formación Política* coa participación do presidente de Traperos de Emaús Pamplona e José Antonio Ramírez.

- **Promoción dunha sociedade máis inclusiva:** adhesión ás reivindicacións mensuais do Círculo do Silencio e Día Internacional para a Erradicación da Pobreza: enquisas cidadás para promover reflexión sobre a pobreza.

POBOACIÓN ATENDIDA

Durante este ano atendéronse 332 persoas a diferentes niveis, tal e como se foi explicando en páxinas anteriores, tanto en itinerarios como en formacións, información e actividades de grupo. A característica común é a heteroxeneidade, en canto a dificultades e forma de afrontalas, polo que o perfil que se presenta a continuación ofrece unha fotografía en canto a xénero, idade e nacionalidade.

Na comparativa por xénero pode observarse que as mulleres participantes son un 58 % do total.

Aínda que a diferenza entre homes e mulleres non é proporcionalmente moi significativa, si queremos valorar a tendencia á alza na poboación feminina, xa que no 2023 era de dous puntos menos.

Nos rangos de idade, este ano aumentou en dous puntos a poboación máis nova, mentres que a poboación maior da idade de xubilación empeza a ter máis presenza debido ás actividades pensadas para persoas maiores e ao envellecemento activo.

En canto á nacionalidade, no ano 2025 continúa a tendencia a aumentar o número de persoas de orixe estranxeira, cun 92 % fronte ao 8 % de orixe local, que descendeu 3 puntos en relación ao 2024.

TRABALLO EN REDE

O traballo en rede, tanto con administracións públicas como con outras entidades, ten unha alta importancia nas intervencións. A continuación recóllense de forma esquemática aquelas das que formamos parte ou coas que traballamos.

Formamos parte de Emaús España, Europa e Internacional, participando este ano en todos os foros, especialmente naqueles relacionados co seu fundador, Abbé Pierre.

Entidades coas que traballamos:

1. Club Rotary: presentación á mocidade do club e das actividades da asociación xunto con outras entidades, e tamén cesión de espazos para distribuír as súas cestas de Nadal.
2. AEMPE: xornadas sobre responsabilidade social corporativa.
3. Cáritas: xornada Soidade e reparentización.
4. EAPN: asistencia a encontros e comisións de participación.
5. Concello de Pontevedra: reunións de coordinación e atención a persoas sen teito e web con todas as asociacións da cidade.
6. Autoridades de penitenciarias: o traballo en beneficio da comunidade é unha medida alternativa ao ingreso en prisión na que os participantes, enviados pola administración penitenciaria, realizan unha actividade reeducativa participando dos valores da solidariedade e do ben común de Boa Vida. Participaron 4 persoas.

Visitas relacionadas con proxectos comúns:

1. EAPN Letonia en xaneiro
2. Sindicato Labrego Galego
3. Centro de investigacións científicas
4. Emaús Bruxelas

FINANCIAMENTO

O financiamento da organización acádase por tres liñas:

1. Financiamento público:
 - Administracións públicas
 - Entidades públicas
2. Doazóns
3. Vendas e servizos

PROGRAMAS DESENVOLVIDOS POR FINANCIAMENTO PÚBLICO

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social e Igualdade:

1. Plan galego de inclusión social:
 - Itinere Básico
 - Itinere Emprego
 - Itinere Inmigrantes Emprego
 - Idiomas
 - Acollemos
 - Mediamos
 - Asesorate
 - Competencias Clave
 - Dixitalízate
 - Inclusión residencial (novo)
 - IN-formate
2. Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades. *Agrupación coas Fundacións Forma Vigo e Impulsarse*
 - Somos Migracións: atención a persoas inmigrantes

- Vida compartida: atención a persoas maiores
- Vida acompañada: atención á soidade non desexada en maiores
- Fogares creativos: atención á exclusión residencial
- Vivir co rural: formación e información no rural
- RUS-TICs: formación en dixitalización para persoas maiores

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

- Axudas para a contratación de persoas técnicas en orientación e acompañamento á inserción
- Axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas en risco ou situación de exclusión social
- Plan Coopera para desempregados

Deputación de Pontevedra Obradoiro de Reciclaxe e Competencias para a Vida "aprender facendo"

Concello de Pontevedra

- O Concello de Pontevedra cofinanciou obradoiros de envellecemento activo e atención á soidade non desexada

Fundación AMA Cofinancia a Oficina de Dereitos e Deberes Sociais e proxectos de IRPF

INFORME ECONÓMICO

Informe económico Global

CONCEPTOS	IMPORTES	%
Gastos		
Gastos persoal	475375,56	60
Bolsas de formación e axudas sociais	22031,58	3
Gastos estrutura	94961,88	12
Gastos xerais e actividades	66585,1	8,5
Impostos	51123,96	7
Inversións	74289,94	9,5
Total	784368,02	100
Ingresos		
Ventas	207279,28	27
Subvencións administracións públicas do ano	549579,48	70
Doazóns	9682,87	1,3
Prestación Servizos	12574,6	1,7
Total	779116,23	100
Resultado	-5251,79	

O volume económico total da entidade ascendeu a **779.116,23 € de ingresos** e **784.368,02 € de gastos**, o que supón un **resultado negativo de -5.251,79 €** ao peche do exercicio. Trátase dun desequilibrio moi reducido, equivalente a aproximadamente o **0,7 % do volume total de saídas** producido polas inversións froito das altas subvencións e non poden ser consideradas gasto directo ao ser amortizables, isto evidencia unha xestión económica axustada e orientada á execución dos recursos dispoñibles.

No apartado de gastos, destaca o peso dos **gastos de persoal**, que representan o **60 % do total (475.375,56 €)**. Esta distribución é coherente coa natureza social e de atención directa da entidade, baseada fundamentalmente no traballo profesional e no acompañamento ás persoas participantes. Os **gastos de estrutura** supoñen o **12 % (94.961,88 €)**, mantendo un nivel contido en relación coa actividade desenvolvida.

Tamén teñen relevancia os investimentos realizados (**74.289,94 €; 9,5 %**) e os gastos vinculados á execución de actividades e servizos (**66.585,10 €; 8,5 %**), o que reflicte un esforzo por reforzar a capacidade operativa da entidade e a calidade dos programas desenvolvidos. As bolsas de formación e axudas sociais representan o **3 % do gasto total (22.031,58 €)**, contribuindo directamente ao apoio das persoas participantes.

En canto aos ingresos, obsérvase a dependencia do financiamento público, xa que as **subvencións das administracións públicas** supoñen o **70 % do total (549.579,48 €)**. Pola súa banda, os ingresos propios procedentes de **vendas e prestación de servizos** alcanzan conxuntamente o **28,7 % dos ingresos totais (223.853,89 €)**, o que evidencia unha capacidade significativa de xeración de recursos propios e unha progresiva diversificación das fontes de financiamento. As doazóns teñen un peso máis reducido, representando o **1,3 % dos ingresos (9.682,87 €)**.

En conxunto, os datos amosan unha entidade cunha actividade económica intensa, orientada principalmente á atención ás persoas e ao desenvolvemento de programas sociais, cunha estrutura de gasto equilibrada e cunha capacidade relevante para complementar o financiamento público mediante recursos propios. O lixeiro déficit rexistrado pode considerarse asumible dentro do volume global de actividade e responde á aposta pola execución efectiva dos programas e servizos previstos.

CONCLUSIÓNS

